



CONCELLO DE CHANTADA

Expte.: 188/2022

DECRETO APROBACIÓN BASES SELECCIÓN PERSOAL LABORAL PARA CONTRATACIÓN, POR UN PERÍODO DE NOVE MESES, DE CINCO PEÓNS PERCEPTORES DA RISGA. EN 2022.

D. Manuel L. Varela Rodríguez, Alcalde-Presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

“Visto a memoria xustificativa elaborada pola Alcaldía, de 25/05/2022, para a contratación, polo período de nove meses ao 75% da xornada laboral, de cinco peóns perceptores de RISGA.

Examinadas as bases para a selección do devandito persoal mediante proba tipo test e en consonancia co disposto na Orde da Consellería de Emprego e Igualdade, do 07 de xaneiro do 2022, publicada no DOG nº 21/2022, do 01 de febreiro; pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal (código de contrato: 405/505) de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA), e apróbase a súa convocatoria para o ano 2022.

Vistos o RC de Tesourería do 26/05/2022 e os informes de Secretaría e Intervención de data 27/05/2022.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local mediante o Decreto 184/2015, en canto á aprobación das bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, de conformidade co artigo 21.1. g) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local”.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local para este suposto concreto, de acordo co artigo 10.1 parágrafo 2º da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEGUNDO.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de selección de persoal laboral temporal para contratación polo período de nove meses, de cinco peóns perceptores da RISGA, ao 75% da xornada laboral, no Concello de Chantada, mediante proba tipo test, que se anexan a esta resolución.

TERCEIRO.- Acordar a presentación da oferta específica no Servizo público de emprego de Galicia e oficiar á Xunta de Galicia para nomeamento de dous vogais, cos seus respectivos suplentes, integrantes do tribunal cualificador.

CUARTO.- Publicar o anuncio da convocatoria na páxina web municipal, sede electrónica e Taboleiro de edictos.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: TEGSMQY5DNTT3KZRGZ6LTC | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 9



CONCELLO DE CHANTADA

Mándao e asina o Sr. Alcalde, en Chantada, a data da sinatura electrónica, do que certifico.

O ALCALDE,

Manuel Lorenzo Varela Rodríguez

ANTE MIN: O SECRETARIO

Ós sós efectos de fe pública.

Fernando Torre Comesaña.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: TESGSMQY6DNTT3KZRGZ6LTC | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 9



CONCELLO DE CHANTADA

BASES REGULADORAS DA SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES Ó ABEIRO DA ORDE DO 07 DE XANEIRO DO 2022, DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA, E SE APROBA A CONVOCATORIA PARA O ANO 2022.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da convocatoria a contratación con carácter temporal mediante a modalidade de contrato temporal (código: 405/505) coas clausulas específicas de interese social en réxime de dereito laboral e xornada parcial, dos seguintes postos para contratar traballadores/as perceptores/as da RISGA e inscrito/a/s no Servizo Público de Emprego Estatal de Galicia como persoas demandantes non ocupadas, para a realización de obras ou servizos de interese xeral que foron solicitados ó abeiro da Orde de 07 de xaneiro do 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA, e se aproba a convocatoria para o ano 2022, co seguinte detalle:

"Acondicionamento e arranxo de espazos públicos" (5 peóns, cunha xornada parcial do 75%). Duración contrato 9 meses.

1.1. FUNCÍONS.

O persoal seleccionado, desempeñará as funcións propias da súa categoría e grupo profesional adscrito/a/s aos correspondentes servizos municipais, sendo entre outras as súas funcións:

1. Mantemento/reposición de césped, plantas e árbores nas rúas, xardíns, parques, paseos, etc
2. Poda, sega e tratamentos de céspedes, plantas e árbores.
3. Rego e utilización responsable de auga.
4. Arranxo e mantemento de bens de titularidade pública como beirarrúas, camiños, varandas protección, etc.
5. Conservación do patrimonio do concello.
6. Acondicionamento de espazos públicos como prazas, rúas,...
7. Utilización e mantemento das ferramentas de traballo.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: TESGSMQY5DNTT3KZRGRGZ6LTC | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 9



CONCELLO DE CHANTADA

1.2.- REMUNERACIÓN:

CONCEPTO	IMPORTE MENSUAL. 75%
Salario Bruto Mensual, incluída paga extra	1.084,93 €
Seguridade social mensual.....	410,10 €
Indemnización fin de contrato por un mes de contrato.....	36,16 €

2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos neste proceso de selección as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser perceptor/a/es/as de RISGA e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia (S.E.P.G) como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato. Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras da RISGA que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares.

b) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación do organismo competente.

d) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Ser preseleccionado/a polo S.E.P.G.

g) Os aspirantes que fixeran valer a súa condición de persoa con discapacidade deberán presentar certificado da Seguridade Social que acredite tal condición, así como certificado acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: TESGSMQY5DNTT3KZRGZBLTC | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 9



CONCELLO DE CHANTADA

3.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

-OPOSICIÓN:

O sistema de selección a empregar para a resolución do presente proceso de selección consistirá na realización polos/polos aspirantes dunha proba teórica relacionada con temario que se relaciona a continuación:

Tema 1.- Coñecemento do Concello de Chantada, as súas vías públicas, prazas, principais edificios e parroquias.

Tema 2.- Coñecemento da situación dos seus principais parques, xardíns e zonas verdes.

Tema 3.- A plantación. Segar, abono. Transplantes.

Tema 4.- .A Poda. Sistemas de rego máis utilizados

Tema 5.- Elaboración de morteiros e formigón.

Tema 6.- Coñecementos de materiais de construción: ladrillos, bloques, bovedilla, ferralla,...

Tema 7.- Coñecementos de posta na obra de materiais.

Tema 8.- Utensilios e maquinaria máis frecuente utilizada na construción: Características e utilidades de cada un.

Tema 9.- Utensilios e maquinaria máis frecuente utilizada en xardinería: Características e utilidades de cada un.

Tema 10.-. Coñecementos de medidas de seguridade e saúde.

Dita proba será tipo test e un tempo máximo para realizala de una hora.

Cualificarase de 0 a 20 puntos, superando o proceso quen obteña un mínimo de 10.00 puntos. A proba cualificarase como APTO ou NON APTO, tendo preferencia, de conformidade con artigo 13.d) da Orde do 07 de xaneiro do 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2022, da Consellería de Emprego e Igualdade, publicada no DOG nº 21/2022, do 01 de febreiro, os que teñan "un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares". O resto dos aspirantes APTOS que non se inclúan no apartado anterior, seleccionaranse por orde de puntuación.

En caso de empate nas distintas circunstancias a ter en conta de forma preferente, seleccionarse por orde de puntuación. Se persiste o empate farase un sorteo público.

4. - DESENVOLVEMENTO DA SELECCIÓN.

A selección de traballadores e traballadoras que se contraten será realizada por un grupo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Emprego e Igualdade, da entidade beneficiaria e dos equipos de inclusión sociolaboral dependentes do Consorcio Galego de Servizos de

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: TEGSMQY5DNTT3KZRGZ6LTC | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 9



CONCELLO DE CHANTADA

Igualdade e Benestar, cando o ámbito territorial da entidade beneficiaria estea comprendido dentro das súas demarcacións para a intervención, que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

O Órgano de Selección que, valorará os méritos e vulgará os exercicios do proceso selectivo, a súa composición colexiada deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderá, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O órgano de selección estará composto polo presidente/a, o secretario/a e tres vogais así como os respectivos suplentes, sendo as persoas nomeadas a tal efecto:

- Presidente: D. Modesto Varela Pérez, encargado de parques e xardíns do Concello de Chantada.
- Suplente: D^a M^a Luisa García Rodríguez. Bibliotecaria do Concello de Chantada.
- Vogais: D. Julio Antonio Cuñarro Taboada, funcionario do Concello de Chantada e dúas persoas nomeadas pola Xunta de Galicia.
- Suplentes: D. Segundo Navaza Blanco e as persoas nomeadas pola Xunta de Galicia .
- Secretaria: D^a Susana Martínez Rodríguez. Técnica de Xestión do Concello de Chantada.
- Suplente: D. José Manuel Otero Castiñeira. Funcionario do Concello de Chantada.

Todos os membros do órgano de selección deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior a ensinanza secundaria obrigatoria e ser persoal laboral ou funcionario de carreira ó servizo da Administración Local ou Autonómica.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo exercerse esta en representación ou por conta de ninguén.

A Presidencia coordinará a realización das probas e do proceso selectivo e dirimirá os posibles empates nas votacións co seu voto de calidade. Todos os membros do órgano de selección terán voz e voto, excepto o Secretario, que terá voz e non voto, salvo no suposto no que o Tribunal, por ausencia dalgún dos seus membros titulares e suplentes, estea composto por número par.

Para a válida constitución do órgano requirirase a presenza do Presidente e o Secretario, ou se é o caso, de quen os substitúa, e da metade, polo menos, dos seus vogais e suplentes indistintamente. Corresponderalle dilucidar as cuestións expostas durante o desenvolvemento do proceso selectivo, velar polo seu bo desenvolvemento, cualificar as probas establecidas e aplicar o baremo correspondente establecido por dito órgano colexiado antes do inicio de ditas probas, tendo ademais competencia e autoridade para resolver cantas incidencias se presenten no proceso selectivo e se atopen previstas nas presentes bases.

O órgano de selección, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para todas ou algunhas das probas, asesorando ao órgano de selección exclusivamente no exercicio da súa especialidade técnica, actuando con voz e sen voto.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: TESGSMQY5DNTT3KZRGZBLTC | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 9



CONCELLO DE CHANTADA

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó señor alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/15, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas nos citados artigos da Lei 40/15. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O órgano de selección resolverá todas as cuestións derivadas da aplicación das bases deste convocatoria durante o desenvolvemento do proceso selectivo, velará polo seu bo desenvolvemento, cualificará as probas establecidas e aplicará o baremo correspondente.

As presentes bases interpretaranse no sentido finalista que mellor garanta a preservación dos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Contra os actos e decisións do órgano de selección engadidas as peticións de revisións de exames, cualificacións e impugnación de preguntas, así como as que imposibiliten a continuación do procedemento para o interesado ou produzan indefensión e se fundamenten en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase interpor polo/a interesado/a recurso de alzada contra o Alcalde- Presidente de conformidade co establecido no artigo 121 da citada lei e iso sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

A selección terá lugar o día 08 de xuño do 2022, ás 10,00 horas, no Auditorio municipal, sito na praza de Galicia, s/n desta vila

PAGAMENTO DE ASISTENCIAS E GASTOS DE DESPRAZAMENTO DOS MEMBROS DO TRIBUNAL.

Os membros do Tribunal de selección, así como os asesores ou colaboradores que puideran incorporarse a este, so terán dereito, pola súa concorrencia ás distintas sesión que se produzan en distintos días, a percibir as axudas de custo por asistencia de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sempre e cando exista una proba no proceso de selección.

5.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Visto os resultados das probas, realizadas as valoracións o órgano de selección formulará proposta de contratación, sen que esta poda superar o número de postos convocados e formulará a correspondente proposta de contratación das persoas candidatos remitíndose a mesma, á Alcaldía. A contratación será efectuada polo Sr. Alcalde asinándose o correspondente contrato laboral. A relación dos candidatos que

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: TEGSMQY5DNTT3KZRGZBLTC | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 9



CONCELLO DE CHANTADA

serán contratados se cumpren o previsto na base seguinte, asinada pola Alcaldía, será publicada no taboleiro de anuncios do Concello. Os restantes candidatos, pola orde decrecente da puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o seleccionado cese no seu posto de traballo antes do remate do contrato e polo tempo que reste para o cumprimento do mesmo.

6.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

Todos os aspirantes propostos polo Servizo de emprego, **deberán presentar os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria, con 24 –vintecatro horas- de antelación as probas.**

A xustificación das condicións dos aspirantes acreditarase coa seguinte documentación:

- 1.- Solicitud segundo o modelo existente nas oficinas xerais do concello.
2. Fotocopia compulsada do DNI ou NIE en vigor e da tarxeta da Seguridade Social.
- 3.- Tarxeta de demandante de emprego non ocupados
- 4.- Documentación acreditativa de ser perceptor/a da RISGA, así como, “de que teñen asignado un proxecto de inserción de carácter laboral e de ter cargas familiares, de ser caso”.

7.- RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Os aspirantes propostos polo Tribunal e unha vez comprobado que reúnen os requisitos esixidos para o contrato, o Sr. Alcalde-Presidente ditará decreto resolvendo a contratación e formalizará cos seleccionados o correspondente contrato laboral temporal, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable e presentarán **no prazo de dous días hábiles** a contar dende o día seguinte a publicación da proposta polo Tribunal da súa contratación:

- 1.- Certificado de conta bancaria.
- 2.- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza xudicial firme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade para a función pública de conformidade coa lexislación vixente.
- 3.- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das tarefas propias da praza.
- 4.- Documentación acreditativa de ser perceptor da RISGA na data de proposición polo tribunal como seleccionado.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: TESSGMQY5DNTT3KZRGZBLTC | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 9



CONCELLO DE CHANTADA

8.- NORMATIVA E IMPUGNACIÓN.

No non sinalado nas presentes Bases de selección estarase ó previsto na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose ós órganos competentes da Xurisdición Contencioso-administrativa para dirimir as controversias que poidan producirse na aplicación destas bases.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados/as lexitimados/as os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no taboleiro de anuncios. Se transcorra un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpoñer recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no taboleiro de anuncios.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Chantada, a data da sinatura electrónica.

O Alcalde,

Asdo.: Manuel L. Varela Rodríguez.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: TESGSMQY6DNTT3KZRGZ6LTC | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 9